

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 31 DE MARZO DE 2014. NÚM. 3/2014.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación de créditos Nº 2-P/2014, Suplemento de Crédito...	páx. 9
4.- Expediente de modificación de créditos Nº 3-P/2014, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito.....	páx. 11
5.- Modificación puntual nº 13 do PXOM. Aprobación inicial.....	páx. 14
6.- Modificación puntual nº 14 do PXOM. Aprobación inicial.....	páx. 17
7.- Solicitud de comparecencia do Sr. Alcalde, a petición propia, para explicar os plans extraordinarios de investimentos.....	páx.21
8.- Mocións do PSdeG-PSOE	páx.21
8.1.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á solicitude de devolución do céntimo sanitario.	páx. 21
8.2.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á liña de alta tensión Irixo-Lalín.....	páx. 22
8.3.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a exención da obrigatoriedade da instalación do taxímetro nos taxis dos concellos de tipoloxía similar a Lalín.....	páx. 23
9.- Mocións do BNG.....	páx. 25
9.1.- Moción do BNG en relación á Fundación Semana Verde.	páx..25
9.2.- Moción do BNG polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social, paralización dos desafiuzamentos e impulso dunha lei galega de vivenda.....	páx. 26
10.- Rogos e preguntas.....	páx. 27

=====

Sendo as dez horas do día **31 de marzo de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2-P/2014. SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de marzo de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou o contido do mesmo. Indicou que anteriormente o remanente de tesourería non se podía dedicar a outros fins que o de amortización da débeda. Por iso se quería agora aplicar. Con este paso, a débeda municipal quedaría sobre os cinco millóns e medio de euros. Isto non repercutiría nas arcas municipais. Lembrou tamén que os últimos préstamos concertados recollían uns intereses máis elevados que os anteriores. Por isto este importe dedicárase preferentemente a cancelar os mesmos.

Polo grupo socialista ***D. Manuel María González Aller*** salientou que o seu grupo non

estaba en contra de amortizar e reducir a débeda municipal, pero si contra os motivos que a crearon como foron as grandes obras coma o Lalín Arena e a obra do Concello. Estas obras fixéronse antes, a pesar de contar o Concello con outras carencias para investir os ditos cartos.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía coas verbas do anterior voceiro. Non estaban en contra de reducir a débeda, pero si estaban en contra da orixe do dito endebedamento, como foi o rescate do Lalín Arena. Por isto absteríanse.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** estaba a prol de reducir a débeda municipal. Non obstante pediu reflexión, para evitar caer no futuro en contraer débeda innecesaria.

Polo grupo de goberno, o Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** rematou o debate. Reducir a débeda foi o único destino posible do remanente de tesourería ata agora, algo que os concellos cumpriron seguindo as instrucións do Goberno Central. Foron case os únicos que estiveron á altura das circunstancias, porque as CC.AA nin reduciron nin cumpriron do mesmo xeito que os Concellos. Agora con esta medida acometeríanse obras e investimentos e estarase en mellores condicións para afrontar o futuro.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19), sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dúas (2) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 2-P/2014 a financiar mediante a remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para reducir o endebedamento neto co superávit do peche do exercicio 2012, en cumprimento do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade e Sostibilidade Financeira e do artigo primeiro apartado quince da Lei Orgánica 9/2013 de control da débeda comercial no sector público , o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
011.913.00	Débeda Pública Amortización préstamos a L/P de entes de fóra do sector público	1.400.000,00

TOTAL ALTAS

1.400.000,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar a modificación de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3-P/2014. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 21 de marzo de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 20 de 27 de marzo de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo. Había varios obxectivos no dito expediente. Un deles era a reposición do céspede artificial do campo *Manuel Anxo Cortizo*; outro era a execución de varias obras para poñer en funcionamento o albergue de Mouriscade; finalmente había outra partida para as obras de acondicionamento do edificio do vello Concello e dedicalo no futuro a biblioteca municipal.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** amosou a postura do mesmo; en principio estaban a prol de cambiar o céspede artificial. En canto á obra do albergue de Mouriscade, eles sempre dixeron que era excesivo o investimento nesta obra. Ademais, do exame das obras recollidas na memoria víase que eran debidas ao estado de abandono e á falta de reposicións necesarias. Había falta de mantemento e o goberno non vixiou esta instalación. Non estaban de acordo coa obra da biblioteca. Lembrou que o goberno municipal e o Sr. Alcalde incumpriron a súa palabra dada neste mesmo órgano plenario. Daquela o máximo mandatario falou de consenso entre os partidos políticos e de escoitar ás forzas sociais implicadas. Pero logo se acorda o seu uso sen comunicarllo e sen dar entrada a ninguén. Non estaban de acordo. Lembrou que nunha sesión plenaria na que viñan once mil euros, eles preguntaron, e se lles dixo que tiña que figurar así no epígrafe, pero que eses cartos podían ser para outros usos, estando sen estudar nin decidir o uso do dito edificio. Por todo isto votarían en contra.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo en repoñer o céspede artificial do campo de fútbol que polo seu tempo e uso estaba deteriorado. Pero non estaban

de acordo coas formas empregadas polo goberno municipal no tema da biblioteca. Recordou que nunha sesión plenaria eles preguntaron por eses cartos, e desde o grupo municipal se lles dixo que non había nada estudado nin acordado, e que había que poñer ese nome na partida por poñer algunha. Este tema ía ser consensuado con luz e taquígrafos por todos, e agora se atopaban coa política de feitos consumados, algo que non esperaban. Ao mellor non era este o uso máis axeitado para o dito edificio.

En canto ao albergue de Mouriscade coidaba que nunca se debeu facer esta obra nese lugar. Foron moitos os cartos investidos; non se fixo o mantemento e agora presentaba un grave estado de deterioro. Lembrou que este edificio estaba fora da ruta do Camiño de Santiago (ruta da Prata) para poder ser utilizado polos peregríns, e non vían moito futuro ao mesmo nin atopaban xustificación aos cartos empregados nel.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** indicou que estaba de acordo coa obra de reposición do céspede artificial do campo de fútbol; sobre o albergue Mouriscade indicou que faltaba unha programación das obras e dos usos da dita instalación; finalmente sobre a biblioteca salientou a falta do consenso entre as forzas políticas e sociais, da que falou o grupo de goberno. Por elo absteríase.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que as tres obras recollidas no expediente eran necesarias. Sinalou que o edificio do vello Concello era o lugar máis axeitado para instalar a biblioteca municipal, xa que reunía condicións, previo acondicionamento, e situábase no centro do pobo. O proxectado Museo do Títere atopará outro lugar máis axeitado. Finalmente no albergue de Mouriscade cumpría subsanar pequenas deficiencias para poñelo de novo en funcionamento e que fose utilizado como tal.

De novo **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito. O albergue estaba abandonado, algo que se podía contrastar ao ver a memoria das obras. En canto á biblioteca municipal, indicou que hai un ano aportaron sinaturas para instalar o museo do Títere. Había un compromiso de estudar e debater isto, e buscar un consenso coas forzas sociais e políticas municipais, algo que o Sr. Alcalde non cumpríu.

Non tiña nada máis que engadir **D. Xesús Cordeiro Budiño**.

Tampouco tiña nada máis que dicir **D. Camilo Conde López**.

No uso da palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que no orzamento só había recollida unha partida de pouco máis de dez mil euros para a biblioteca ou outros usos. Precisou que cando se aprobou o orzamento non se sabía o uso que se podía dar ao remanente de tesourería; era máis, só se podía empregar en reducir débeda municipal. Logo veu outra norma do Goberno Central e se puido adicar a outros investimentos, algo que se vía agora cos catrocentos cincuenta mil euros.

Indicou que o grupo de goberno e os propios técnicos municipais moitas veces non sabían a normativa a aplicar, porque esta estaba cambiando continuamente. Sucedía porque as normas cambiaban, e tiñan que cumprir trámites e pasos administrativos. Eran moitas as dificultades e o traballo era cada vez máis complexo. Lembrou que no Concello había unha persoa traballando exclusivamente para remitir datos ao Ministerio de Facenda.

Diante destas verbas **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que, escoitando o anterior, o goberno municipal tiña o fácil: deixar gobernar á oposición para poder tomar as decisións.

Reiterou **D. Camilo Conde López** que o que faltaba neste expediente era que o goberno municipal non cumprira as formas e con isto non estaba de acordo.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que o goberno ás veces tomaba decisións impopulares, drásticas, gusten ou non gusten. Neste caso coidaba que o expediente estaba pensado e decidido acertadamente.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: seis (6) sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 3-P/2014, a financiar mediante Remanente Líquido da Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2013, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para os seguintes investimentos: cambiar o céspede do campo de herba sintético do estadio municipal Manuel Anxo Cortizo, necesario polo seu deterioro, actualmente en situación bastante precaria derivado, tal e como mostra a memoria técnica, dos 11 anos que fai que se colocou que implica que a calidade do material se vexa superado pola actual tecnoloxía existente no mercado, un acusado desgaste polo uso intensivo que o volveu mais abrasivo perdendo as características propias acentuadas polas inclemencias do tempo, o que se traduce en que neste primeiro trimestre do 2014, se incrementaran as lesións dos rapaces e rapazas da escola de fútbol que alí se entrenan e xogan, tal e como nos trasladou a directiva da Escola de Fútbol, e o Club Deportivo Lalín.

No seguinte investimento trátase de acometer as obras necesarias para que as instalacións do albergue de Mouriscade cumpran cas actuais prescricións técnicas. A última das cantidades é para complementar a partida existente no orzamento 2014, con destino á ubicación da biblioteca na antiga casa consistorial, dotando de vida un dos edificios máis emblemáticos de Lalín, a necesidade e urxencia de acometer este proxecto deriva de que a cantidade consignada en orzamento non chega para as obras a realizar, aínda contando que se trate dun proxecto plurianual.

Entendendo que acometer este proxecto beneficia moito as arcas municipais xa que por un lado aforramos o custo de aluguer da actual ubicación da biblioteca e tamén aforro nos consumos enerxéticos, xa que se prevé a realización dunha modificación na que entre outras cousas prima a eficiencia enerxética, polo que canto antes se poida trasladar a Biblioteca maior será o beneficio a repercutir nos lalinenses.

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito nº 2/2014, financiado mediante a Remanente Líquido da Tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do exercicio 2013, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
342.632.10	Instalacións Deportivas. Substitución do céspede	169.197,93 €

337.632.11	artificial Manuel Anxo Cortizo Ocio e tempo libre. Reparacións varias no Albergue Xuvenil de Mouriscade	58.201,82 €
------------	---	-------------

TOTAL ALTAS CREDITO EXTRAORDINARIO 227.399,75 €

2.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
332.632.08	Bibliotecas e arquivos. Rehabilitación concello vello para biblioteca	275.000,00 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DO PXOM. APROBACIÓN INICIAL.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de marzo de 2014.

Desde o grupo de goberno o edil delegado de urbanismo, **D. Román Rodríguez González** expuxo o contido do expediente. Indicou que o expediente tivo que dar marcha atrás e deberá aprobarse inicialmente de novo o expediente, previos os informes preceptivos, para ter maior seguridade xurídica.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel Mª González Aller**, adiantou o apoio á proposta, pedindo que na medida do posible se respecte a masa de arborado da zona.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que votaría favorablemente a proposta.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén comunicou que apoiaría o expediente.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** agradecendo o apoio recibido, e indicando que o expediente estaba aí, co trámite da aprobación inicial. Había que ter en conta que a día de hoxe había lista de espera para solicitar nichos, xa que o actual cemiterio estaba esgotado. A idea era prolongar cara a autoestrada na mesma extensión a instalación.

A seguir do debate someteuse o expediente a votación ordinaria a man alzada, e aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe vinteún (21) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

En consecuencia, tendo en conta que conforme o disposto no artigo 47.2. II) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que esixe a maioría absoluta do número legal de membros, que neste caso é de once, se supera este quórum, por tratarse dun acordo de planeamento xeral, **o Pleno da Corporación acordou APROBAR o expediente** en base aos seguintes antecedentes:

O Concello de Lalín está a tramitar o expediente de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) nº 13. Trátase con esta iniciativa de ampliar as actuais instalacións do cemiterio municipal, sito na Romea, parroquia de Botos, tendo en conta que no cemiterio vello xa non hai nichos baleiros e que no novo cemiterio, o que se pretende ampliar, hai espazo dispoñible que se considera insuficiente a medio prazo, habida conta da evolución demográfica e da poboación envellecida que hai no concello.

Considerando que o interese público na tramitación deste expediente ven tamén motivada por tratarse dunha competencia municipal propia "*Cemiterios e actividades funerarias*" prevista no artigo 25.2, k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e servizo de prestación obrigatoria (art. 26.1.a).

A Modificación Puntual proposta supón incrementar a capacidade do cemiterio municipal da Romea nunha extensión de 16.800 metros cadrados de terreos, ampliando o actual sistema xeral deste equipamento, e non afecta a terreos cualificados como espazos libres ou como zonas verdes.

A ampliación prevista afecta a terreos que non son de titularidade municipal polo que, no caso de aprobarse definitivamente o presente expediente de modificación puntual, procedería tramitar outro expediente para a obtención dos terreos comprendidos no seu ámbito a través de convenios urbanísticos cos propietarios afectados ou, no seu caso, e previa existencia de crédito axeitado, a través da tramitación do correspondente expediente de expropiación.

En canto á tramitación do expediente, consta entre outra, a seguinte documentación:

– Decisión de 8 de agosto de 2012, da Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas na que se acordou non someter o expediente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, integrada no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA). No apartado observacións figura a do organismo Augas de Galicia que sinala que do exame do dito documento non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

– Informe previo á aprobación inicial, emitido o 19 de xullo de 2013 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que se sinala que deberá quedar clasificado

como solo rústico de especial protección de infraestructuras a banda afectada pola liña límite de edificación da AP-53, sen prexuízo da súa cualificación, ao igual que o resto da parcela, como sistema xeral de equipamento para cemiterio.

– Informe xurídico de data 23 de agosto de 2013 do Director Xerente da Autopista Central Gallega, ACEGA, remitido en contestación a solicitude de informe sectorial logo da aprobación inicial do expediente polo Pleno da Corporación na sesión do 1 de agosto de 2013, no que sinala a obriga da solicitude de informe previo preceptivo á aprobación inicial do expediente, aos efectos de presentar suxerencias polo dito organismo.

– Certificación do acordo do Pleno Municipal de Lalín do 30 de setembro de 2013 de rectificación do erro de procedemento e de deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación do 1 de agosto de 2013 relativo á aprobación inicial do expediente e retrotraer o mesmo o momento procedimental anterior ao antedito acordo, e solicitar do Ministerio de Fomento e da Deputación Provincial de Pontevedra a emisión de informe previo e vinculante á aprobación inicial.

– Informe do Sr. Enxeñeiro Xefe da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia – Ministerio de Fomento, con entrada no rexistro municipal o 17 de outubro de 2013, no que expón a necesidade de completar a documentación do expediente cun informe sobre a compatibilidade entre as operacións propias da explotación da AP-53 (conservación, mantemento, defensa da vía e as relativas ó seu mellor uso), coas derivadas da normativa vixente en materia de cemiterios e de policía mortuoria que conleva a posible ampliación do cemiterio.

Con base nos informes técnico e xurídico do arquitecto técnico municipal e do secretario xeral, ámbolos dous de data 24 de marzo de 2014, e as determinacións recollidas nos mesmos, procede realizar a aprobación inicial do expediente e a continuidade da súa tramitación conforme ao procedemento establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o “EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DO PXOM DE LALÍN, AMPLIACIÓN DO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO SG-EQ.3: “CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA, BOTOS” redactado polo arquitecto *D. Javier Bugallo Thielen* en data marzo de 2014, e demais documentación do expediente.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente como trámite de información pública durante o prazo de dous meses inserindo anuncios no DOG, en dous xornais de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

6- MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 14 DO PXOM. APROBACIÓN INICIAL.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de marzo de 2014.

Desde o grupo de goberno o edil delegado de urbanismo, **D. Román Rodríguez González** expuxo o contido do expediente. Indicou que o mesmo era unha especie de caixón desastre no que se metían varios asuntos que foron xurdindo desde hai tempo. Non se levou un a un porque sería un proceso moi longo e un sen sentido tramitar unha modificación puntual

para cada caso concreto. Esperouse para levar todos xuntos. Foi un a un explicando os casos recollidos. O cambio de cualificación de solo por mor dunha sentenza, o recoñecemento dun viario público na rúa García Sánchez, na rúa B a supresión do paso en planta baixa, e en Bendoiro unha delimitación máis completa do núcleo. Tamén se contemplaba a descatalogación parcial dun edificio sito na rúa Matemático Rodríguez. Outro tema era o reaxuste nos áticos. Tamén se contemplaba a necesidade de esixir avais para acometer obras de urbanización, e facilidades para introducir ascensores en edificios carentes deste servizo. En suma era un paquete de medidas necesarias que durante varios anos se foron recollendo, e esperando a ter varias para tramitalas agora.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller**, salientou que en total eran nove asuntos. Con oito deles estaban de acordo, xa que eran beneficiosos; por exemplo no tema dos ascensores, nos avais para garantir a urbanización, ou no recoñecemento dun varío. Pero estaban en desacordo coa delimitación do núcleo de Bendoiro. Indicou que no ano 2004, cando se fixeron o TAV e a autovía A-52, o seu grupo estaba a favor de cambiar a delimitación de solo, ampliando o solo de núcleo rural naqueles lugares onde a vía do trens ou a autoestrada reduciron ou privaron das súas vivendas aos seus moradores. Así sucedeu no lugar de Xestal, onde o 90% dos propietarios perderon as súas propiedades. Daquela era o momento. Agora non era o momento de facer isto, e menos acometelo sen dar solucións a todos os núcleos rurais afectados por estes problemas. Coidaba pois que había que defender os intereses de todos os veciños afectados no seu conxunto. Pediu que se sacase este punto para poder votar a favor o resto

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén se participaba desta idea. Pensaba que en conxunto as medidas eran beneficiosas; pero coa delimitación do núcleo de Bendoiro non estaban de acordo. Pediu que se sacase ese punto da proposta.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** non estaba de acordo co plantexamento. Indicou que había que ver todos os casos e estudalos; e logo facer unha reflexión. Por elo, absteríase.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que o Concello empezou a facer unha modificación de todos os núcleos rurais afectados polas obras do TAV e da autoestrada A-52. Proba disto foi que se iniciou o expediente, e realizáronse algúns trámites. Pero os cambios legislativos que houbo desde o ano 2008 ata hoxe, coa modificación da LOUGA no ano 2010, fixeron que se detivesen os traballos de redacción e non se retomasen para esperar contar cun marco legislativo e normativo estable no que asentar os traballos.

“Desde logo neste tema houbo claridade e transparencia, e ninguén podía dicir o contrario”, afirmou.

Indicou que en moitos concellos as modificacións do PXOM se aproveitaban para legalizar ou recoñecer situacións urbanísticas irregulares, referíndose ás torres da entrada.

No mesmo sentido **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que en todos os concellos sucedía algo similar: legalizábanse situacións anormais cando se modificaba o planeamento urbanístico. Lalín non era unha excepción. Nesta situación podía haber algún caso.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que o seu grupo sabía que algunha vivenda no núcleo rural de Bendoiro estaba suxeita a un expediente da APLU, e o goberno non o dixo na sesión da comisión informativa.

Finalmente interveu o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** para indicar que a delimitación deste núcleo podería permitir ou non a legalización dalgunha construción, pero faltaba a tramitación de todo o expediente e non se coñecía o resultado. Pediu á oposición que

suavizase a súa posición e non votase en contra.

Tras deliberar entre os intervinientes anteriores, deuse por rematado o debate.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7) sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e unha (1) do concelleiro do PGD.

En consecuencia **APROBOUSE o expediente** por máis da maioría absoluta do número legal de membros, que neste caso é once, cumprindo o requisito esixido no artigo 47.2. II) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local para a aprobación do planeamento xeral, con base nos seguintes antecedentes:

O expediente de Modificación Puntual nº 14 do P.X.O.M do Concello de Lalín, formúlase diante da necesidade de modificar, anticipadamente e de maneira puntual, o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, con suxeición ó procedemento establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, fundamentado na conveniencia e interese público da resolución de situacións puntuais e desaxustes de determinados aspectos concretos como son o cumprimento de convenios urbanísticos formalizados, o cumprimento do contido de sentenza xudicial de exclusión de terreo en Área de repartición e os reaxustes de aliñacións oficiais por existencia de situacións consolidadas, da delimitación de elemento catalogado, da delimitación de solo de núcleo rural; así como a revisión de determinacións concretas da normativa urbanística.

O documento de modificación puntual nº 14 do P.X.O.M. realiza nove actuacións:

- Cumprimento de Convenios Urbanísticos formalizados: recoñecemento de viario público en travesía de rúa García Sánchez, no núcleo urbano de Lalín **(MP 14.1)**; supresión de paso en planta baixa de edificio sito na rúa B, núm. 72 do núcleo urbano de Lalín **(MP 14.2)**.
- Exclusión parcial de parcela incluída na área de reparto AR-32 **(MP 14.3)**.
- Reaxuste da delimitación do núcleo rural de Igrexa-Pedrouzos (Bendoiro) **(MP 14.4)**.
- Reaxuste da delimitación de elemento incluído no Catálogo de Bens Protexidos do PXOM (nº 3-56) **(MP 14.5)**.
- Reaxuste da altura libre mínima para usos permitidos en locais e da anchura mínima en pasaxes comerciais en edificacións existentes. **(MP 14.6)**.
- Ampliación dos usos permitidos en equipamento municipal (Praza de Abastos) **(MP 14.7)**.
- Condicións de obras complementarias de urbanización en áreas residenciais unifamiliares de solo urbano **(MP 14.8)**.
- Colocación de ascensores en patios de edificacións existentes. **(MP 14.9)**.

Os convenios urbanísticos incorporados á memoria do documento técnico que se presenta para aprobación inicial, apartado 14.1 da MP (convenio urbanístico para a cesión gratuíta ó concello de Lalín de terreos en solo urbano de data 14 de xaneiro de 2008 asinado con D. Román Pedreira Vilariño, D.^a María Celia Batán Gómez, D.^a María Reboredo Fraga, D. Diego Fernández Reboredo e D.^a Marta Fernández Reboredo, e apartado 14.2 da modificación, convenio urbanístico de data 9 de marzo de 2001 asinado con Promotora

Sanguiña, S.L., representada por D. Germán Trabazo Presas) deberán tramitarse e ratificarse a súa aprobación conforme o procedemento establecido nos artigos 233 e seguintes da Lei 9/2002, antes da aprobación provisional do expediente.

Consta no expediente a Decisión de 25 de xuño de 2013 do Secretario de Calidade e Avaliación Ambiental, na que se acordou non someter o expediente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. No apartado observacións figura a do organismo Augas de Galicia que sinala que do exame da documentación dispoñible non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio hídrico, e sinalan que consideran importante que no desenvolvemento do Plan se reflicta unha correcta xustificación da dispoñibilidade de recursos para o abastecemento e tamén se xustificará a capacidade de xestión no saneamento.

O Documento para aprobación inicial “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 14 DO P.X.O.M. DE LALÍN” redactado polo arquitecto *D. Javier Bugallo Thielen*, introduce uns cambios con respecto ó Documento de inicio, en concreto:

- Apartado 14.4: inclúense na delimitación do núcleo de Pedrouzos varias parcelas; no Documento de inicio só se inclúe unha parcela.
- Apartado 14.6: inclúese no antedito documento a modificación da anchura mínima en pasaxes comerciais en edificacións existentes; no Documento de inicio só se inclúe o reaxuste da altura libre mínima para usos permitidos en locais.

En cumprimento da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, con anterioridade á aprobación inicial remítuselle ao Ministerio de Fomento e ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias o expediente para a emisión de informe preceptivo e vinculante no ámbito das súas competencias, no que respecta á modificación indicada no apartado 14.4 do documento relativa ó reaxuste da delimitación do núcleo rural de Igrexa – Pedrouzos, Bendoiro, terreos próximos á zona de protección do Corredor Norte-Noroeste de Alta Velocidade. Eixo: Ourense-Santiago. Tramo: Lalín-Santiago. Subtramo: Lalín (Baxán)- Lalín (Anzo).

En virtude do previsto na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas, e o seu Regulamento xeral, solicitóuselle tamén ó Ministerio de Fomento a emisión de informe vinculante con carácter previo á aprobación inicial por estar parte dos terreos afectados na zona de protección da autoestrada AP-53, Santiago de Compostela – Alto de Santo Domingo e á ACEGA.

En relación cos informes sectoriais previos vinculantes indicados, consta no expediente a emisión o 5 de decembro de 2013, de informe favorable da Delegada de Patrimonio e Urbanismo Noroeste do ADIF; da Subdirección General de Planificación e Proyectos do Ministerio de Fomento de data novembro 2013 (RXE nº 7562 o 11/12/2013) con observacións; da asesora xurídica de Autopista Central Gallega, de data 20 de novembro de 2013, no que se sinala a necesidade de recoller na modificación numerada como 14.4 como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos incluídos dentro da liña de edificación da autoestrada AP-53 e excluír tales terreos da delimitación no núcleo de Igrexa-Pedrouzos, Bendoiro; e o informe do Sr. enxeñeiro xefe da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia – Ministerio de Fomento de data 20 de decembro de 2014, no que se informa favorablemente con observacións en canto á distancia da liña límite de edificación da autopista na zona Igrexa-Pedrouzos, parroquia de Bendoiro.

En cumprimento do artigo 85.1 da LOUGA, solicitóuselle á Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Infraestruturas o informe previo á aprobación inicial. Consta no expediente o informe emitido pola Sra. Secretaria Xeral de Urbanismo, de data 20 de decembro de 2013, no que sinalan unha serie de observacións nas modificacións numeradas como apartados 1, 2, 3, 4, 5, 8 e 9.

Á vista dos informes emitidos para o efecto polo arquitecto-técnico municipal e polo secretario xeral, ámbolos dous de data 24 de marzo de 2014, nos que se informa favorablemente respecto á conformidade do expediente coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, considerando que no documento técnico que se presenta para a súa aprobación inicial recóllense as observacións e suxerencias indicadas nos informes preceptivos emitidos polos anteditos organismos, cómpre efectuar a aprobación inicial do expediente e continuidade da tramitación conforme ó establecido no artigo 85 da LOUGA.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o “EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 14 DO PXOM DE LALIN” redactado polo arquitecto *D. Javier Bugallo Thielen*, de data marzo 2014, e demais documentación do expediente entre a que se inclúen:

- Convenio urbanístico de planeamento e de execución que recolle a definición de vial e a cesión gratuíta ao Concello de Lalín de terreos en solo urbano, de data 14 de xaneiro de 2008, asinado con D. Román Predreira Vilariño, D^a. María Celia Batán Gómez, D^a María Reboredo Fraga , D. Diego Fernández Reboredo e D^a. María Fernández Reboredo.

- Convenio urbanístico de planeamento de data 9 de marzo de 2001 asinado con Promotora Sanguíña S.L ., representada por D. Germán Trabazo Presas.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente, incluíndo os dous convenios anteditos, como trámite de información pública durante o prazo de dous meses inserindo anuncios no DOG, en dous xornais de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

7.- SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN PROPIA, PARA EXPLICAR OS PLANS EXTRAORDINARIOS DE INVESTIMENTOS.

Deuse conta desta solicitude presentada polo Sr. Alcalde o pasado día 25 de marzo de 2014, con número de rexistro de entrada 1769. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de marzo de 2014.

Explicando o contido da petición, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que se trataba de explicar todos os investimentos que o goberno municipal tiña pensado facer no vindeiro exercicio económico. Agora tratábase de aprobar a comparecencia que terá lugar logo na vindeira sesión, daría todos os datos e respondería ás preguntas que a oposición lle formulase.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo

catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Aprobar a comparecencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, na vindeira sesión plenaria que celebre este órgano para explicar os plans extraordinarios de investimentos.

8.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

8.1. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DO CÉNTIMO SANITARIO.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 21 de marzo de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1737. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 27 de marzo de 2014.

Desde o grupo socialista **D. Manuel M^a González Aller** defendeu a moción, para que o Concello solicitase a devolución do céntimo sanitario, que en realidade eran tres céntimos por litro, á Xunta de Galicia. Había que estudar isto, recabar datos, e non só asesorar ás empresas neste labor, senón solicitar á Xunta de Galicia a devolución da parte que corresponde ao consumo de gasoil polo Concello.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que votaría favorablemente a moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que se abstería, polos problemas e a complexidade deste asunto.

Polo grupo popular **D. Román Rodríguez González** adiantou que apoiaría a moción. Explicou que a meirande parte dos concellos xa o aprobaran, e estaban en trámites de pedir a devolución da parte deste imposto anulado polo órgano xudicial europeo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo catorce (14) dos concelleiros do PP, catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Vista a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre o cobro do céntimo sanitario, que considerou este como contrario ao dereito comunitario, e que pode ser reclamado non só por particulares senón tamén por organismos públicos presentando a facturación de consumo de combustible da flota de vehículos municipais, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro.- Que coa maior brevidade posible os servizos xurídicos municipais estuden as posibilidades desta entidade municipal para reclamar de xeito correcto a devolución dos importes abonados polo consumo de gasoil do parque municipal de vehículos dos último catro

anos.

Segundo.- Que os servizos técnicos municipais avalíen a posibilidade de ampliar esta reclamación a todo o período impositivo no que estivo en vigor este tributo de acordo coa Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que regula a responsabilidade patrimonial das administracións públicas e a obriga destas de reparar o dano causado polo mal funcionamento.

Terceiro.- Que se habiliten os mecanismos necesarios para poder informar a particulares, gandeiros, transportistas autónomos ou empresarios do Concello de Lalín sobre os pasos a seguir para a devolución mediante vía administrativa.

8.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á LIÑA DE ALTA TENSIÓN IRIXO-LALÍN.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 23 de marzo de 2014, con entrada municipal do día 24 de marzo e número de rexistro 1746. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 27 de marzo de 2014.

Na defensa da moción, o edil socialista, ***D. Francisco Pérez Donsión***, explicou o que se pedía na mesma. Esta liña de alta tensión que viña desde O Irixo tocaba ao futuro CAR, ía por vía aérea e afectaba a varias masas boscosas de alto valor ecolóxico, entre elas a Fraga de Catasós. Para evitar isto pedíase o soterramento da mesma.

Lembrou que cando se aprobou esta obra, o Concello non tiña a titularidade da N-525 do tramo desde o acceso á autoestrada ata a rotonda de Feás. Hoxe era titular deste tramo da estrada, o que facilitaba adoptar outras solucións.

Coa alternativa proposta na súa moción, soterrando a liña, evitaríanse bastantes problemas na zona.

O Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, amosouse contrario á solución proposta por varios motivos. Lembrou que, cando se aprobou esta obra, el fixo varias xestións. Lalín estaba en punta no 80 % da enerxía eléctrica que era subministrada por alta tensión desde a presa de Belesar. Cando había cortes de enerxía as empresas antes funcionaba a coxeración e seguían funcionando. Tras a reforma enerxética isto xa non é así, porque desapareceu practicamente a coxeración. Por elo Unión Fenosa debía proceder a instalar unha subestación das chamadas de última xeración.

Cando se aprobou o proxecto desta obra, el fixo persoalmente xestións para introducir varios cambios no proxecto; primeiro tendo en conta que afectaba a trámites na provincia de Ourense e tamén a organismos de Pontevedra resultaba todo moi problemático e lento. Cando fixo estes trámites, lle dixeron que para introducir calquera modificación habería que empezar de novo con todos os trámites en cada un dos organismos, medio ambiente, patrimonio, organismos de estradas, etc..., en cada provincia.

De aceptarse a proposta, prolongaríase a tramitación desta obra ata o ano 2020, xa que había que emprender de novo todo o proceso administrativo. A situación hoxe era de necesidade de contar con esta liña de subministro de enerxía, e por iso cumpría facer a obra dunha vez. Non podía apoiar a moción.

Estaba disposto a acudir co voceiro socialista, ou co edil que se elixise para visitar aos organismos responsables desta obra e efectuar xestións que fosen necesarias, pero agora non podía pedir que se cambie a obra e o trazado, porque sería retrasar todo varios anos.

De novo ***D. Francisco Pérez Donsión*** afirmou que a subestación non existía, a obra

non estaba efectuada, e agora era o momento oportuno para introduciren os cambios na obra, soterrando a liña, algo que quedaría para agora e para o futuro.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba a favor da moción e apoiarlana.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** tamén votaría favorablemente a moción.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:

Que o Concello de Lalín inste de FENOSA e da Consellería de Industria a modificación do proxecto da liña de alta tensión Irixo-Lalín ao seu paso polo noso termo municipal para evitar os prexuízos sociais e medioambientais que xera, buscando alternativas soterradas como a que se propón ou calquera outra que poidan atopar os técnicos e que acaden o mesmo fin.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

8.3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A EXENCIÓN DA OBRIGATORIEDADE DA INSTALACIÓN DO TAXÍMETRO NOS TAXIS DOS CONCELLOS DE TIPOLOXÍA SIMILAR A LALÍN.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 18 de marzo de 2014, con entrada municipal do día 21 de marzo e número de rexistro 1736. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 27 de marzo de 2014.

Na defensa da moción, o voceiro socialista, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** explicou o seu contido. Sinalou que a lei de transportes aprobada hai uns meses no Parlamento de Galicia recollía que aqueles concellos de máis de dez mil habitantes debían contar cun taxímetro para determinar o importe das tarifas. Coidaba que esta norma era excesiva para poboacións con centros urbanos como Lalín. Por iso pedían na moción que se solicitase polo Pleno o cambio da lei e quedase, como nos concellos de menos de dez mil habitantes, como facultativo.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén estaba a prol da petición da moción. Coidaba que a norma estaba pensada para os centros urbanos, pero carecía de sentido colocar o dito aparato nas zonas rurais con poboación dispersa como sucedía en Lalín.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que el tamén tiña presentado un rogo neste sentido. Pensaba que esta norma de instalar taxímetros suporía un gasto importante para este colectivo de taxistas, e que non tiña sentido a súa colocación en zonas con cascos urbanos reducidos, como pasaba en Lalín.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** adiantou que non apoiaría a moción. Lembrou que esta lei que regulaba, entre outros aspectos, a actividade dos taxis foi

moi consensuada entre as forzas políticas e sociais, entre eles, o colectivo afectado. Os taxímetros non só eran un gasto para o colectivo, senón que representaba para os usuarios dos taxis unha verdadeira garantía, porque determinaba o importe exacto da taxa a abonar, e o importe quedaba recollido nun ticket que se lles entregaba. Supuña polo tanto unha norma positiva a ter en conta por todos. Había unha proposta de tarifas que presentou o colectivo de taxistas de Lalín e que se estaba a estudar.

De novo **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** insistiu en que a norma estaba pensada para as zonas urbanas e non para lugares como Lalín, incidindo en que os taxistas de concellos con cascos urbanos similares, como Rodeiro ou Agolada non o terían. A garantía para os usuarios era contar cunhas tarifas aprobadas polo Concello, algo que non se fixo, pero que había que facer. Tamén afirmou que o uso do dito aparato, podía manipularse, ben levantándoo antes ou paralo, e que a súa implantación non ía acabar cos posibles abusos.

Por alusións **D. Román Rodríguez González** aclarou que antes desta lei non había esa obriga de aprobar as tarifas; agora si que se estableceu.

Puntualizou no medio deste debate **D. Camilo González Bodaño** que o Concello podía aprobar as tarifas para dentro do casco urbano; para o resto do municipio, era a Xunta de Galicia a que as regulaba.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:

Que o Pleno do Concello inste da Xunta de Galicia a exención da obrigatoriedade da instalación do taxímetro nos concellos con tipoloxía similar a Lalín, ben sexa a través dunha modificación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, da súa contemplación na normativa que a desenvolva ou mediante calquera outro mecanismo legal aplicable.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

9.- MOCIÓNS DO BNG.-

9.1.- MOCIÓN DO BNG POLO DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, ALUGUEIRO SOCIAL, PARALIZACIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS E IMPULSO DUNHA LEI GALEGA DE VIVENDA.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 19 de marzo de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1675. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 27 de marzo de 2014.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, explicou o seu sentido. Neste intre

de crise económica de recortes e de tempo en que moitas familias estaban a pasalo mal, a moción pedía garantir o dereito a unha vivenda digna e a paralización dos desafiuzamentos. Leu a parte dispositiva da moción, coas peticións, unha a unha.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** sinalou que apoiaría a moción. Criticou a política do Goberno Central, xa que había e se podían dar cartos para unhas cousas, como eran rescatar os bancos, reducir gastos e efectuar recortes, e pola contra non había diñeiro para os cidadáns nin para gastos sociais destinados a colectivos desfavorecidos. Lembrou que había o dereito á vivenda digna, que era un dereito preferente para todas as familias e que había que protexelo.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, tamén apoiaría a moción. Se ben era certo que en España houbo un avance na recuperación, isto non se reflectía na solución nin na situación dos problemas para boa parte da poboación. O tema era moi serio, porque afectaba á vivenda das persoas, dereitos que había que protexer. Por elo pediu que se fixera unha reflexión e accións para esixir actuacións e orzamentos coherentes que garantan o dereito á vivenda. Reiterou que apoiaría a moción.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que rexeitarían a moción. Lembrou que hai pouco tempo houbo un goberno central socialista que aprobou unha lei exprés para realizar desafiuzamentos rápidos; agora se propón outra cousa oposta a aquela. Sinalou que neste tema parece que houbo reunións dalgúns grupos con algúns partidos; desde logo co Partido Popular non.

Indicou que o seu grupo compartía o fondo do asunto: a preocupación e o interese en garantir o dereito a unha vivenda digna de todas as persoas, que ademais era un dereito constitucional. Non obstante, discrepaba en canto ao resto da moción.

Indicou que parte do que se recollía na moción non ía na boa dirección; así, afirmou que non se podían efectuar expropiacións das vivendas desocupadas, traendo ao debate a sentenza do Tribunal Supremo sobre as expropiacións ao bancos aprobada pola Junta de Andalucía. Tamén indicou que no ano 2013 se aprobou polo actual Goberno Central unha lei que regulaba a chamada dación en pago.

En suma, estaban de acordo na preocupación por protexer este dereito, pero non estaban de acordo coa expropiación nin coa dación en pago que na segunda parte da moción se recollía.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1. Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir en Galicia o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerables que aborde:

A) Favorecer o alugueiro social.

B) A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.

C) A expropiación de vivendas a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas de persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.

D) A paralización inmediata dos desafiuzamentos e do establecemento opcional da dación en pago.

2. Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta Iniciativa Lexislativa Popular.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

9.2.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á FUNDACIÓN SEMANA VERDE.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 19 de marzo de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 7676. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 27 de marzo de 2014.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG, explicou o que se buscaba coa mesma. Entre outras cousas cumpría facer un debate sobre a situación desta instalación, o custo que levou, os anos que levaba así, e os efectos e consecuencias colaterais non só en Silleda senón en toda a comarca de Deza e tamén en Galicia. Lembrou que xa levaba trinta e seis edicións, que parecía un experimento que saíu mal, porque non estaba a recibir o apoio das institucións como se esperaba. Había pois que levar un seguimento, comprobar se se conseguiron os fins que se buscaban, e desde logo apoiar a feira en Silleda.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** estaba a favor da moción. Indicou que era unha infraestrutura importante, pero que ao longo prazo gañou Santiago e a súa lonxa de gando. Había que ver se se fixeron estudos e o rendemento da Semana Verde, construción que parecía responder a delirios de grandeza. Agora cos problema que había cumpría apoiar aos traballadores, encher de actividades estas instalacións e potenciais.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** salientou que resultaba evidente que a Semana Verde de Silleda non cumpría os obxectivos para os que se creou. Non tiñan moita actividade todo este conxunto de instalacións; os problemas que tiña antes seguía ténndoos agora, incrementados cos despidos do persoal. En suma pediu estudar e reflexionar para darlle un ámbito máis territorial ao seu ámbito de actuación e potenciar as actividades nas súas instalacións.

Polo grupo popular, o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o problema que tiña a Semana Verde de Silleda era o mesmo que había en todo; igual sucedía cos aeroportos e con moitas outras instalacións, que había localismos que impedían centralizar calquera actividade en Galicia. Cada Alcalde defendía o seu. Santiago defendeu a súa feira de gando en Amio e por iso non foi adiante Silleda, que se fixo para que houbera unha en Galicia. Esta era a política que había, a do café para todos, algo que era un mal máis ben español.

A Xunta de Galicia facía o que podía, tendo en conta a envergadura e as dimensións das instalacións. “Todos queremos que a Semana Verde aumente e vaia a máis; o problema é como conseguir isto”, afirmou. Lembrou que esta instalación estivo tres anos sen conseguir contrato algún, e por elo houbo que botar fora a parte do persoal; non había subvencións de institucións oficiais e en todo caso as que se deron foron insuficientes, e a culpa era de todos, dos alcaldes en xeral, e dos localismos como raíz última desta situación.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- O respaldo dos Concellos da Comarca do Deza-Tabeirós-Montes ás e ós traballadores e traballadoras da Fundación Semana Verde de Galicia e a aposta polo mantemento da xestión pública deste recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda, cuia dimensión e interese, que supera á comarcal e á do país para se converter nunha feira de referencia tamén internacional.

- A asunción de responsabilidades políticas dos xestores da Fundación Semana Verde, comezando polo seu Presidente, representante máximo da Xunta de Galicia no mesmo, e as explicacións oportunas nos órganos de decisión do Padroado para analizar e debater a situación actual da FIG, demandando deles a decisión que lonxe de desmantelar progresivamente o recinto feiral, dean garantías da súa viabilidade e impulsen nel desde as administracións políticas de xestión carácter público, implementando os recursos para aumentar a súa capacidade socio-económica e repercusión nos nosos concellos e na nosa zona.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

10.1. ROGOS.

Presentados de xeito escrito durante a sesión:

PGD. D. Camilo Conde López.

1º.- ROGO.- Tendo en consideración a recente Lei 9/2013 de 19 de decembro que pretende favorecer o emprendemento e competitividade económica de Galicia. Sen entrar nos seus amplos e diferentes conceptos, creo que é importante facer fincapé nos que se refiren ós procesos de diminución por parte dos concellos das peaxas administrativas previas ó exercicio de actividades. A pesar dos avances e logros en axilizar estes procesos, tales como facilitar a declaración previa da que se poden favorecer certas actividades, non é así coas denominadas inocuas, as clasificadas, as actividades recreativas e espectáculos públicos.

Con este novo texto establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación ou inicio dunha actividade (Licenza de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento). Polo mesmo dáse cumprimento ó disposto no artigo 41 da Lei de Economía Sostible, que determina que con carácter xeral, o exercicio da actividade non se someterá á obtención de licenza ou outra medio de control preventivo.

Búscase que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresa, profesión, industria ou comercial poida iniciar a actividade no menor tempo posible. O que se recolle na norma axilizará os procedementos de control sen descoidar a seguridade xurídica dos interesados.

Mediante esta lei créanse as Entidades de Conformidade Municipal (ECOM), como veladores pola aplicación das normas que en cada caso afecten ó ámbito municipal.

Considerando que é de todos sabido as demoras e dilacións que se producen para a obtención das licenzas de actividade e demais permisos inherentes como poden ser as licenzas de obra, etc, o grupo que represento **ROGA:**

1º.- A adopción dos seguintes criterios e a súa aplicación.

2º.- Que se facilite dalgunha forma efectiva e rápida as autorizacións previas de actividades económicas, modificando as normativas e demais decretos en vigor para adaptarse ás existencias do mercado, facilitando os inicios de actividades económicas.

3º.- Facilitar a coordinación do pretendido por esta lei para conseguir así ser pioneiros na súa implantación e na consecución dos obxectivos previstos.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2º.- ROGO.- En relación á Lei 4/2013 de 30 de maio, de Transporte público de persoas en vehículos de Turismo de Galicia e a tenor do disposto no CAPÍTULO III, artigo 41, onde se contempla a obrigatoriedade de instalar un aparato taxímetro debidamente precintado homologado e verificado e que se pretenda a súa implantación nos concellos que superen os 10.000 habitantes.

Considerando a situación precaria dos taxistas no interior, onde a incidencia turística é moi escasa, supón unha carga económica difícil de superar.

Por tales motivos **ROGO**:

1.- Inda que a poboación supere o límite establecido para estas zonas do interior, que se deixe como voluntario ou exento ata os 15.000 habitantes (caso de computar solo o núcleo urbano), ou se prodiguen incentivos económicos que permitan paliar este custo.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- De non aceptarse o anterior, e de persistir a súa obrigatoriedade, que se transmita a vontade deste Concello ós demais concellos do interior afectos á mesma e poder propiciar unha petición de modificación da lei que lles afecta, ou ben, para que a través da regulación da mesma poidan propiciarse as modificacións que os eximan da dita obriga ou mediante calquera outro procedemento legal que así o propicie.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

Presentados de xeito verbal durante a sesión:

PSdeG-PSOE. D. Manuel María González Aller:

1º.- ROGO.- Indica que no prego de cláusulas económico-administrativas do servizo de recollida de lixo figura que a empresa contratista terá que recoller o lixo tres veces á semana. A el lle constaba, e así llo fixeron saber algúns veciños, que só se recolle unha vez cada semana. Por elo, pide que se esixa o cumprimento das obrigas á empresa concesionaria e recolla o lixo os tres días á semana.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2º.- ROGO.- En canto á cobertura de persoal desta empresa do servizo de recollida de lixo, sinala que as baixas non se cubrían. Pide tamén que se esixa á empresa que teña todo os seus postos de traballo cubertos e conte co persoal que consta no prego e na súa oferta.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

PSdeG-PSOE: D. Francisco Pérez Donsión.

1º.- ROGO.- Na zona de concentración parcelaria de Vilatuxe nos terreos adxuntos aos centros públicos o lóxico era que se consideren masas comúns, se atribúan ao Concello. Neste intre estaban sen beirarrúas e camiños. O Concello debía proceder á súa limpeza e a súa posta en valor.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2º.- ROGO.- Pide que se modifiquen todos estes aspectos no proceso de concentración.

Tanto D. Román Rodríguez González como D. Xosé Crespo Iglesias indicaron que a delimitación dos núcleos rurais non podía facerse desde un proceso de concentración parcelaria.

3º.- ROGO.- Na zona de Losón afirmou que se daba o caso contrario: adxudícase a un particular un terreo nas inmediacións dun centro de ensino. O lóxico sería considerarlo como masa común e que sexa o Concello o titular do mesmo e quen manteña e mellore o mesmo.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4º.- ROGO.- Pide que o Concello actúe e esixa facer aos accesos porque os veciños estaban preocupados xa que tiñan seis meses para aceptar as fincas resultantes, e ese tempo xa estaba a correr.

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que había un proxecto pendente de adxudicación pola Xunta de Galicia, para mellorar e arranxar eses camiños e pistas.

Tamén D. Antonio Rodríguez Rodríguez, edil delegado de infraestruturas, indicou que non tiña constancia de que nese proxecto constase que se fosen construír as beirarrúas, os peches das fincas e a colocación dos tubos a cada lado dos accesos.

10.2.- PREGUNTAS.

Presentadas de xeito escrito durante a sesión:

PSdeG-PSOE: D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez.

Ao longo de cinco anos, entre decembro do 2007 e decembro de 2012 o goberno deste concello encargou preto de 30 traballos directamente e sen ningún tipo de procedemento público (non era estritamente necesario polos importes unitarios de cada traballo) á empresa IGC CALIDAD, da que era apoderado (en todo ese tempo) o funcionario municipal D. José Varela Calvo.

Dado que se contratou directamente a esta empresa, está claro que se trata dunha empresa “de confianza” do grupo de goberno local ou, como mínimo, dalgún dos seus compoñentes.

Tendo en conta ademais que cada un dos encargos foi contratado na Xunta de Goberno Local, cada unha das facturas correspondentes foi aprobada na Xunta de Goberno Local, e cada un dos pagos foi aprobado tamén pola Xunta de Goberno Local, o nome desta empresa pasou alomenos por 37 sesións distintas da Xunta de Goberno Local, xa sen ter en conta as veces que pasaron informes desta mesma empresa ou da empresa Asistencia Técnica de Proyectos Lalín S.L. en distintos expedientes tanto de particulares coma do propio concello.

En relación con este tema, pregúntase á Alcaldía:

1º.- ¿Tiña vostede constancia da existencia dalgún tipo de relación entre o funcionario antes citado e a empresa IGC CALIDAD á que reiteradamente se lle contrataban traballos?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

2º.- ¿Pode afirmar vostede que ningún dos membros que formaron parte da Xunta de Goberno Local durante o período mencionado, tiña ou tivo coñecemento desa relación?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

3º.- ¿Quen foi a persoa ou persoas que contactaron coa empresa en cada unha das 12 contratacións que figuran ao final destas preguntas?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

4º.- En setembro de 2005 o entón concelleiro do BNG, Francisco Vilariño, preguntou no Pleno se no departamento de urbanismo había algún funcionario que tivese aprobada a compatibilidade do traballo que desempeñaba fora do Concello co do Concello. O grupo de goberno admitiu que había un problema con este tema, e dito concelleiro pediulle ao grupo de goberno que actuara sobre ese problema.

4º.1.- ¿Como pode explicar a Alcaldía que non se adoptara ningunha medida ao respecto?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

4º.2.- ¿Como xustifica vostede que, en vez de adoptar as medidas, precisamente nese momento se iniciasen as primeiras contratacións por parte do Concello coa empresa IGC CALIDAD da que era apoderado o funcionario do que se estaba cuestionando o seu traballo fora do Concello?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

<u>TRABALLOS ENCARGADOS POLO CONCELLO A IGC</u>	<u>IMPORTE</u>
Levantamentos topográficos (9 traballos)	2.244,60
Levantamento topográfico entorno Santuario do Corpiño	1.400,00
Estudio xeotécnico terreos nova piscina	3.454,48
Levantamentos topográficos (varios traballos)	1.766,68
Levantamentos topográficos (2 traballos)	1.763,20
Levantamento topográfico en Soutolongo e Catasós	1.999,98
Levantamento topográfico parcelario SUE III	354,00
Estudio xeotécnico Local Social Filgueira	1.593,00
Servizo medición rúidos en edificios municipais	1.652,00

Estudio optimización facturación eléctrica municipal	7.080,00
Honorarios redacción proxecto alumeado Espiño N-525	7.018,00
Honorarios proxecto alumeado Xaxán e outros	1.025,21

PSdeG-PSOE: D. Francisco Pérez Donsión.

1ª.- PREGUNTA.- En relación coa concentración parcelaria en Anzo, quere saber: *¿Por qué se recepcionaron as pistas que se fixeron a consecuencia da mesma, xa que moitas delas non presentaban boas condicións e estaban en mal estado?*

Contestaron D. Antonio Rodríguez Rodríguez e D. Xosé Crespo Iglesias, edil delegado do rural e Alcalde-Presidente. Afirmaron que a recepción era automática, non se pode rexeitar a dita recepción. Logo a Xunta de Galicia mete dotación económica nos orzamentos para a súa reparación ou mellora.

Tamén D. Xesús Cordeiro Budiño afirmou que o que procedía era esixir á Xunta de Galicia que efectúe as obras de mellora necesarias nas ditas pistas resultantes dos procesos de concentración parcelaria.

2ª.- PREGUNTA.- Quere saber se o grupo de goberno ou os edís delegados asistiron ou amosaron o apoio aos gandeiros nunha reunión na que se acordou pedir unha redución do IBI.

Contestou D. Manuel Fernández López no sentido de que non tiña coñecemento algún desas reunións ou deses acordos.

E, sendo as trece horas e dous minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente